



Concello de Santiago de Compostela

## **PROPOSTA DE DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DOS GRUPOS POLÍTICOS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Con motivo do Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, o Concello de Santiago de Compostela manifesta o seu máis profundo rexeitamento a calquera forma de violencia exercida contra as mulleres.

A violencia, que nas súas distintas formas se exerce contra as mulleres, constitúe a mais clara manifestación das desigualdades que persisten entre mulleres e homes, constituíndo un atentado contra o dereito á vida, á seguridade e á liberdade, á dignidade e á integridade física e psíquica das vítimas e, polo tanto, un obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade mais xusta e igualitaria.

As situacións de violencia de xénero requiren unha resposta coordinada, eficaz e interdisciplinar por parte das distintas administracións.

A través da mellora da coordinación interinstitucional e da garantía dos dereitos que o noso ordenamento xurídico reconece ás vítimas e aos seus fillos e fillas, preténdese alcanzar unha resposta máis eficaz, centrada na prevención da violencia de xénero, unha mellor protección das mulleres e dos seus fillos e fillas e unha atención personalizada que contribúa á súa recuperación integral.

Por iso, resulta imprescindible xuntar todos os esforzos para facer fronte a este grave problema público e social, apelando á unidade de todas as forzas políticas e das Administracións Públicas, contando coa implicación da sociedade no seu conxunto e apoiando o labor das organizacións especializadas da sociedade civil.

Consciente da necesidade de seguir avanzando neste ámbito, o Concello de Santiago de Compostela reitera o seu compromiso co obxectivo de

alcanzar unha sociedade libre de violencia na que as mulleres gocen da dignidade e os dereitos que lles son inherentes, como corresponde a unha sociedade libre e democrática.

**Grupo Municipal Popular Grupo Municipal do PSdeG-PSOE Grupo Municipal do BNG**

**María Pardo Valdés**

**Francisco Reyes Santiás**

**Rubén Cela Díaz**

**PLENO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**